

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

1. Introducción

O acordo entre o Estado Español e a Santa Sé sobre o ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanza de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno e a alumna, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno e a nena comezan a comprender o mundo que os rodea e a relacionarse con eles. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 1º de E.Primaria dun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia. O SEI San Narciso é un centro situado na localidade marinense da Provincia de Pontevedra. Recibe alumnado próximo á zona pero tamén do contorno do concello, das diversas parroquias que o rodean. O número de alumnado que elixen a opción de relixión católica atópase nun 60 por cento, se ben nos últimos anos nótase certa tendencia a baixar.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas

primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñezo novos amigos!	Traballamos a volta ao cole, as rutinas semanais e obrigacións do día a día descubrindo personaxes da Biblia interesantes e que hoxe en día son actuais e servirán de exemplo para a nosa vida	8	3	X		
2	Síntome querid@ e coidad@!	Agradecemos ter a sorte de pertencer a distintas estruturas sociais (ter unha familia, unha escola á que asistir e que comparto con un grupos de amigos/as, unha parroquia da que formo parte...) Son responsable. Meus dereitos e deberes como persoa	12	3	X		
3	Somos iguais!	Na nosa casa común, a Creación, somos todos iguais e debemos coidarnos e coidar a Natureza. Traballamos a resolución de conflitos. Buscamos no santoral o nome do Santo de cada un de nós.	12	3	X		
4	Celebramos o Nadal!	Un dialogo universal, como expresión da representación do tempo de Nadal. Símbolos do Nadal. Traballamos a creatividade a partir de relatos bíblicos. Elaboración de manualidades propias destas datas (Belén) Panxoliñas	14	3	X		
5	Compartimos moitas vivencias!	Nesta unidade traballaremos o coidado da nosa casa común, coma o grande agasallo que nos deixou Deus Pai para nosa felicidade e a relación do seu coidado coa Paz, . Lecturas de fragmentos sobre Xesús.	14	6		X	
6	Emocionarme como María, a nai de Xesús!	Descubrimos coma os cristiáns expresamos nosa fe con diferentes tradicións na Semana Santa e na Pascua e, algunhas expresións artísticas. E, que celebramos diferentes festas que reflexan distintos momentos da vida de María e que emocións cremos que sentiría María en distintas situacións da vida de Xesús.	14	6		X	
7	A Biblia, un libro sagrado con moito por descubrir!	Valoramos a Biblia como libro sagrado que nos invita a achegarnos a un montón de narracións de distintos momentos da Historia e a relación do ser humano con Deus. Xesús como centro da mensaxe da Biblia	14	6			X
8	Que non falte a alegría!	A grande familia da Igrexa. Festas mais importantes na Igrexa. Festas da zona. San Xoán Mensaxes de fin de curso!	12	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Que non falte a alegría!		12	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñezo novos amigos!	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza	TI	100
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	É quen de respectar a seus amigos e recoñecer seus erros		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiáns		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.

Contidos

- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- María, a Nai de Xesús.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Síntome querid@ e coidad@!	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.		PE	24
CA1.4.1. - Recoñecer que palabras, xestos e accións son mais axeitadas para colaborar coa mellora da convivencia e sustentabilidade do lugar onde vivimos	É consciente de que hai palabras, xestos e algunhas accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza	TI	76
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	É quen de respectar a seus amigos e recoñecer seus erros desenvolvendo un autoconceito axustado		
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiás		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiás e a súa procura da felicidade. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - María, a Nai de Xesús. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
3	Somos iguais!	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.			
CA1.4.1. - Recoñecer que palabras, xestos e accións son mais axeitadas para colaborar coa mellora da convivencia e sustentabilidade do lugar onde vivimos	É consciente de que hai palabras, xestos e algunhas accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacíficamente os conflitos que xurden entre os compañeiros/as		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describe situacións próximas e empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender e tenta aplicalo a contextos propios e dos outros		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiás		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - María, a Nai de Xesús. - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus. - Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón. - Relato de perdón (co emprego do escornabot) - Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
4	Celebramos o Nadal!	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Mostra actitudes de respecto e coidado do próximo e da natureza	PE	10
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	É quen de respectar a seus amigos e recoñecer seus erros desenvolvendo un autoconceito axustado	TI	90
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escoítaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xorden entre os compañeiros/as		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describe situacións próximas e empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Servíndose da observación relaciona algunhas pasaxes Bíblicas empregando o Ozobot		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural do Nadal e outras celebracións como expresión de identidade cultural		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender e tenta aplicalo a contextos propios e dos outros		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiáns		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrinto o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Gusta das narracións da Biblia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Expresa vocabulario do Nadal, Semana Santa e Pascua, en Inglés. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - María, a Nai de Xesús. - A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret. - A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
5	Compartimos moitas vivencias!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.			
CA1.4.1. - Recoñecer que palabras, xestos e accións son mais axeitadas para colaborar coa mellora da convivencia e sustentabilidade do lugar onde vivimos	É consciente de que hai palabras, xestos e algunhas accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escoítaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xorden entre os compañeiros/as		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describe situacións próximas e empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconhecimento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender e tenta aplicalo a contextos propios e dos outros		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - María, a Nai de Xesús. - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus. - Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón. - Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
6	Emocionarme como María, a nai de Xesús!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural da Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade	PE	14
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción que favoreza a súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase	TI	86
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndolos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula e é quen de recoñecelas nos seus compañeiros		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrinto o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Gusta de ler as narracións da Biblia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Expresa vocabulario do Nadal, Semana Santa e Pascua, en Inglés. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - María, a Nai de Xesús. - A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret. - A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón. - Relato de perdón (co emprego do escornabot) - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
7	A Biblia, un libro sagrado con moito por descubrir!	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción que favoreza a súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence e mesmo de outras relixións		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xorden entre os compañeiros/as		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Servíndose da observación relaciona algunhas pasaxes Bíblicas empregando o Ozobot		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula e é quen de recoñecelas nos seus compañeiros		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrinto o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Gusta de visualizar narraciós e historias da Biblia		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo. - A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - María, a Nai de Xesús. - A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón. - Biografía significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
8	Que non falte a alegría!	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escoítaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xorden entre os compañeiros/as	PE	11
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	É quen de respectar as persoas do seu entorno e recoñecer seus erros desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable	TI	89
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiás nos grupos aos que pertence e mesmo de outras relixións		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.			
CA1.4.1. - Recoñecer que palabras, xestos e accións son mais axeitadas para colaborar coa mellora da convivencia e sustentabilidade do lugar onde vivimos	É consciente de que hai palabras, xestos e algunhas accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiás como expresión de identidade cultural da nosa sociedade		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula e é quen de recoñecelas nos seus compañeiros		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica as súas emocións sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula e é quen de recoñecelas nos seus compañeiros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.

Contidos

- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.
- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.
- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.
- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- María, a Nai de Xesús.
- A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a

de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquiera as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En reli, os alumnos/as iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Baseada en proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode.

Para todo isto:

. Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

. Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas.

Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía.

Un punto que considero importante é que tamén atenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, Ensino básico sinalase Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe.

b) O AGRUPAMENTO DOS GRUPOS

- Gran grupo.
- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso tras a recuperación da pandemia por Covid-19, estableceremos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) A ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso, seguindo o indicado nos protocolos COVID, se os segue a haber, e, adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

E, por último, cabe destacar que nesta materia, ó comezo da sesión, faremos unha "rutina de agradecemento" na que os nenos terán que reflexionar e dar as grazas por algo da súa vida ou do seu entorno. Así, buscaremos que tomen conciencia de temas tan importantes coma a familia, a saúde, o amor, a escola, etc. e isto nos servirá tamén para traballar conceptos como o respecto, a axuda, as desigualdades, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula

Material impreso
Material informático e medios audiovisuais
Material non específico: Natural / Reciclado
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinálase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados,...

Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TIC e TAC): ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app "Biblia infantil", CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural e material reciclado.

Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, láminas, fotografías,...

Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, mediante diálogo e preguntas.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha avaliación inicial para valorar os

coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	12	12	14	14	14	14	12	100
Proba escrita	0	24	0	10	0	14	0	11	8
Táboa de indicadores	100	76	100	90	100	86	100	89	92

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que estableceréi con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

Dividiremos en tres partes a ter en conta:

a) A primeira parte chamarémoslle a parte actitudinal e ocupará un 45%.

Nesta parte tendremos en cuenta:

O aproveitamento do tempo na aula, o esforzo e a participación activa que mostre en cada sesión con respecto á información a coñecer e traballar.

Unha parte moi importante tamén será o respecto que amose de cara aos seus compañeiros e aos mestres, un valor fundamental nesta materia.

Teremos tamén en conta a atención e a participación nas explicacións e nas diferentes actividades que realizaremos e si é capaz de seguir o fio da explicación respondendo a diferentes preguntas.

b) A segunda parte sería a parte conceptual, que ocupara un 15% .

Das tarefas que fagamos, valoraremos se está completo e corrixido, e ten unha presentación e limpeza correcta.

Ademais será tamén moi importante que na realización das tarefas e actividades teña un cumprimento das normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Por último, tendremos unha parte procedimental (actividades mais prácticas), como poden ser manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías

(competencia dixital) e isto ocupará un 32%

Tendremos en cuenta o interese por facer actividades novas e de distinta índole, a capacidade de axuda ó resto de compañeiros nestas actividades e o funcionamento dentro do grupo-clase.

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación. O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaréi axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos/as, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual, TIC	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer		X	X	X		X		X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- * Igualdade entre mulleres e homes.
- * Comunicación audiovisual e TIC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital
- * O fomento da creatividade no alumnado
- * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- * Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- * Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- * Expresión oral e escrita, positivas
- * Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- * Educación emocional e en valores
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Panxoliñas	Panxoliñas para o festival de Nadal.	X		
Belén móbil	Material non decidido polo momento: Será material reciclado o que empreguemos como base para a elaboración deste Belén que irá por todas as aulas do colexio e á visita ao xeriátrico	X		

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade"

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos
Metodoloxía empregada
Tento facer clases amenas e motivadoras
Utilizo medidas de atención á diversidade
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Emprego ferramentas tic como elemento motivador para afianzar coñecementos.
Clima de traballo na aula
Consigo que o alumnado traballe en equipo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros mestres/as

Descrición:

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúese a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e a propia actuación

* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TICS, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante o proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

* Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

* Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo.

* Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais).

-Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

-Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo

-Traballo colaborativo.

-Manualidades, pasatempos

-Xogos de mesa, de creatividade,

-Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa páxina de Superlibro,...

Empregarase para a avaliación a observación directa a través da recollida de datos na que se incluírá a actiyude do alumno/ alumna perante a sesión. As notas actualizaranse no programa Xade cada trimestre. En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

O seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións.

E os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento de fichas ou do caderno. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

SI CASE SEMPRE CASE NUNCA NON PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

- * Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TACs)
 - A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.
 - A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
 - Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)
- * Regulación da práctica docente
 - Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .
 - Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.
 - Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.
- * Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias
 - Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.
 - Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados
 - Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.
 - Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
 - Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:
 - * Aos alumnos.
 - * Ás familias.
- * Utilización de medidas para a atención á diversidade
 - Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.
 - As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.
 - Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados